



Procedemento para a aprobación do plan xeral de ordenación municipal

Lexislación de referencia

- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)
- Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

1. PREPARACIÓN

O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo canta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do que se trate.

A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará canta información se deba ter en conta para a redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico.

2. SOLICITUDE DE INICIO

O concello promotor do plan trasladará ao órgano ambiental a **solicitud de inicio** da avaliación ambiental estratéxica ordinaria, o **borrador do plan** (co contido mínimo que establece o artigo 145 do RLSG) e o **documento inicial estratéxico**.

A documentación do PXOM (escrita e gráfica) deberá estar adaptada ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

O órgano ambiental comprobará, no prazo máximo dun mes, que a documentación está completa (artigo 60.3 LSG). De non ser así, solicitará que se acheguen os documentos preceptivos.

3. CONSULTAS PREVIAS

O órgano ambiental someterá a documentación completa recibida ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se deberán pronunciar no prazo de 30 días hábiles (artigo 35.3 L9/2021).

Ao mesmo tempo, o órgano ambiental, co obxecto de favorecer a transparencia e participación pública, fará públicos o borrador do plan e o documento inicial estratéxico no seu portal web para que o público en xeral poida facer as observacións e suxestións que estime oportunas sobre cuestións ambientais.

4. DOCUMENTO DE ALCANCE

O órgano ambiental formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, no que determinará a amplitude, nivel de detalle e grado de especificación que deberá ter o estudo ambiental estratéxico.

Para a realización de consultas ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas e para a elaboración do documento de alcance, o órgano ambiental disporá dun prazo máximo de dous meses (artigo 35.1.a L9/2021).



O documento de alcance remitirase ao concello e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo¹, acompañado das contestacións recibidas no período de consultas previas, e estará a disposición do público no [portal web](#) deste órgano ambiental.

5. ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo aos criterios contidos no documento de alcance.

Tendo en conta o estudo ambiental estratéxico, o concello elaborará a **versión inicial do plan**.

6. INFORMACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS

O concello, logo de obter informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á aprobación inicial do PXOM e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses.

A documentación sometida a información pública abranguerá todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Os ámbitos nos que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
- b) No seu caso, os ámbitos nos que se suspenda o outorgamento de licencias e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.

O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses (agás que unha disposición legal determine un prazo inferior); transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano autonómico competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes que resulten preceptivos.

7. PROPOSTA FINAL DO PLAN

Tendo en conta os informes, observacións e alegacións recibidos durante o trámite de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta final do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co **expediente de avaliación ambiental estratéxica completo**.

O expediente completo de avaliación ambiental estratéxica estará constituído por:

- A proposta final do plan;
- O estudo ambiental estratéxico;
- O resultado da participación pública e consultas;
- Un documento resume, no que se describa como se integraron na proposta final do plan os aspectos ambientais, o estudo ambiental estratéxico, a súa adecuación ao documento de alcance e o resultado das consultas.

No informe de participación pública e consultas farase unha descrición do procedemento seguido, indícaranse os medios empregados para a difusión do plan, incluírase unha relación das Administracións públicas consultadas -coas datas de solicitude e resposta- e persoas interesadas participantes, e achegarase copia dos informes sectoriais recibidos e das alegacións con contido ambiental (por exemplo, de grupos ambientalistas).

¹ No caso de que se trate dun municipio cunha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes.



O concello remitirá ao órgano ambiental toda a documentación sinalada en formato electrónico con sinatura dixital (do/s autor/es) ou ben copia auténtica da orixinal (cos requisitos que establece o artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas).

8. ANÁLISE TÉCNICA DO EXPEDIENTE e DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

O órgano ambiental realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no medio ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Tras realizar a análise técnica do expediente, o órgano ambiental formulará a declaración ambiental estratéxica. Esta incluírá un resumo dos principais fitos do procedemento, os resultados da información pública e das consultas, así como as determinacións, medidas ou condicións finais que deben incorporarse no plan antes da súa aprobación definitiva.

Para a análise técnica do expediente e a formulación da declaración ambiental estratéxica, o órgano ambiental disporá dun prazo de tres meses desde a recepción do expediente completo, prorrogable por un mes máis por razóns xustificadas.

O órgano ambiental remitirá a declaración ambiental estratéxica ao concello e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e tamén a fará pública tanto no *Diario Oficial de Galicia* como no seu [portal](#) de internet.

10. PROPOSTA DEFINITIVA DO PLAN

O concello incorporará no plan o contido da declaración ambiental estratéxica, introducindo as modificacións que sexan necesarias, indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan, e elaborará un extracto que incluírá os seguintes aspectos (artigo 82 LSG; artigo 199.2 RLSC):

- a) Xustificación da integración no plan dos aspectos ambientais.
- b) Xustificación de como se tomaron en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, se é o caso, as discrepancias xurdidas no proceso.
- c) Razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.

No caso de que se introducisen modificacións que impliquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, realizarase un novo trámite de información pública.

Logo de obter informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente a **proposta definitiva do plan**, coas modificacións que sexan pertinentes.

O concello remitiralle o expediente completo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

11. APROBACIÓN

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

- Respecto dos plans xerais de **concellos con poboación superior a 50.000 habitantes**: A consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses contados dende a



entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:

- a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.
- b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.
- c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.
- d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan. Correspóndelle ao órgano competente municipal a aprobación definitiva do plan.

- Respecto dos plans xerais de **concellos con poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes**: A consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:
 - Aprobar definitivamente o plan nos termos nos que se formula
 - Aprobar definitivamente o plan coas condicións que se xulguen necesarias
 - Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89 da Lei do solo de Galicia
 - Aprobar parcialmente o plan
 - Non outorgar a aprobación definitiva

O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

12. PUBLICIDADE

Nota: Os instrumentos de planeamento urbanístico, con todos os seus documentos, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, serán públicos e calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos no concello. Os concellos garantirán, mediante procedementos telemáticos, o acceso e o coñecemento do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico. (art.87 da Lei 2/2016).

O acordo de aprobación definitiva do planeamento farase público no **Diario Oficial de Galicia**. Xunto coa publicación deste acordo publicarase:

- a) A indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan.
- b) A referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do plan a disposición do público.
- c) O extracto elaborado con carácter previo á aprobación definitiva do plan.

O plan xeral, unha vez aprobado definitivamente e publicado no *Diario Oficial de Galicia* o acordo correspondente, deberá inscribirse no **Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia**, rexistro público dependente da consellaría competente en materia de urbanismo.

Tras os trámites anteriores, o documento que conteña a normativa e as ordenanzas publicarase no **boletín oficial da provincia** que corresponda.

Procedemento para a aprobación de plans xerais de ordenación municipal (PXOM)

(Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia; Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia)

FASE	OBXECTIVOS	DOCUMENTOS	RESPONSABLE	DIRIXIR A	PRAZO	PUBLICACIÓN
PREPARACIÓN	Solicitar documentación necesaria ou de interese para redactar o plan	Solicitud de información e/ou cartografía	concello	DXOTU ²		
SOLICITUDE DE INICIO	Comunicar ao órgano ambiental o inicio da tramitación do plan	- Solicitud de inicio do procedemento de AAE ordinaria - Borrador do plan xeral - Documento inicial estratéxico	concello	órgano ambiental ³		
CONSULTAS PREVIAS	Consultar sobre as repercusións ambientais do plan e a proposta urbanística	- Borrador do plan xeral - Documento inicial estratéxico	órgano ambiental	Administracións públicas afectadas (entre elas a DXOTU) e persoas interesadas	30 días hábiles	Portal web do órgano ambiental (non regulado na lei)
DOCUMENTO DE ALCANCE	Definir a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do estudo ambiental estratéxico	Documento de alcance do estudo ambiental estratéxico	órgano ambiental	concello DXOTU ⁴		Portal web do órgano ambiental
ESTUDO AMBIENTAL ESTRATÉXICO E VERSIÓN INICIAL DO PLAN	Identificar, describir e e avaliar os efectos ambientais significativos da aplicación do Plan no medio, e as alternativas técnica e ambientalmente viables	- Estudo ambiental estratéxico (que se considerará parte integrante do plan e incluírá un resumo non técnico) - Versión inicial do plan	concello			
APROBACIÓN INICIAL DO PLAN						
INFORMACIÓN PÚBLICA	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	- Plan xeral aprobado inicialmente (versión inicial) - Estudo ambiental estratéxico - Resumo executivo - Resumo non técnico	concello	Público en xeral	2 meses	Diario oficial, xornal e portal web
CONSULTAS	Obter información das administración públicas afectadas e das persoas interesadas.		DXOTU	Quen estableza o documento de alcance, municipios limítrofes, administracións públicas autonómicas	3 meses	
			concello	Outras administracións públicas	Segundo lexislación sectorial	
PROPOSTA FINAL DO PLAN E REMISIÓN DO EXPEDIENTE	Integrar na proposta final do plan o resultado da información pública e das consultas, modificando o EAE se fose preciso	Expediente completo de avaliación ambiental estratéxica: - Proposta final do plan - Estudo ambiental estratéxico - Informe de participación pública e consultas - Documento resume	concello	órgano ambiental		

2 DXOTU: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

3 Órgano ambiental: Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda)

4 No caso de que se trate dun municipio cunha poboación igual ou inferior a 50.000 habitantes.

Procedemento para a aprobación de plans xerais de ordenación municipal (PXOM)

(Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia; Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia)

FASE	OBXECTIVOS	DOCUMENTOS	RESPONSABLE	DIRIXIR A	PRAZO	PUBLICACIÓN
Análise técnica do expediente e DECLARACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA	Validar a documentación Valorar a integración ambiental e a sustentabilidade do plan	Declaración ambiental estratéxica	órgano ambiental	concello e DXOTU	3 meses (prórroga 1 mes)	Diario oficial e portal web do órgano ambiental
PROPOSTA DEFINITIVA DO PLAN	Integrar o contido da declaración ambiental estratéxica no plan. Obter informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente.	Proposta definitiva do plan	concello	DXOTU		
APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN						
ANÁLISE DA INTEGRIDADE DO PLAN	Examinar a integridade do proxecto de plan		DXOTU		1 mes	
APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN	concellos > 50.000 habitantes	Informe preceptivo e vinculante	DXOTU		3 meses	
		APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN	concello			
	concellos ≤ 50.000 habitantes	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN	DXOTU		3 meses	
PUBLICIDADE ⁵	Poñer a disposición do público en xeral o plan aprobado	- Acordo de aprobación definitiva - Enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro - Medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio - Resumo sobre: - Cómo se integraron no plan os aspectos ambientais - Cómo se considerou no plan o EAE, os resultados da información pública e das consultas, a DAE e, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso. - Razóns para escoller a alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas.	concello	Público en xeral	1 mes dende a aprobación definitiva	Diario oficial e sede electrónica do concello

⁵ Artigo 87 da Lei 2/2016: "Os instrumentos de planeamento urbanístico, con todos os seus documentos, tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, serán públicos e calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos no concello. (...) Os concellos garantirán, mediante procedementos telemáticos, o acceso e o coñecemento do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico".